



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL OROSO

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

CONVOCATORIA DO DESFILE E NORMAS REGULADORAS DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2025 DO CONCE- LLO DE OROSO

BDNS (Identif.): 812126

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/812126>)

NORMAS REGULADORAS DO DESFILE E CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO DE OROSO 2025.

Prazo de Inscripción: Ata o 27 de febreiro de 2025 (incluído)

Data do desfile: Sábado 01/03/2025.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

1.-O obxecto da convocatoria é o Concurso de disfraces de Entroido 2025 que organiza o Concello de Oroso o sábado 1 de marzo de 2025 pola tarde. Dito concurso figura incluído no PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELO DE OROSO para o período 2023-2025 no capítulo VIII área de festas liñas de axudas en materia de festexos sendo os obxectivos pretendidos:

a) promover a participación activa da veciñanza na festa máis subversiva do ano na que os costumes se relaxan, os roles invértense, rómpense as convencións sociais e un pode rirse de todo. Unha festa na que principalmente se valora o espírito participativo e as ganas de divertirse.

b) manter unha longa tradición popular dunha celebración pagana que celebraba a despedida dos fríos días de inverno e que cando chegou o cristianismo misturouse coa despedida das carnes antes da abstinencia de Coresma. Galicia foi unha das poucas rexións de España que continuou celebrando o Entroido a pesar da prohibición.

c) Os efectos pretendidos son lograr unha programación festiva estable como medio de difusión da imaxe do Concello e por outro lado como dinamizador da actividade económica do mesmo a través do turismo e da afluencia de visitantes.

2.- O desfile de carnaval terá a organización seguinte:

A recollida do dorsal realizarase o día do concurso no pavillón de deportes de 16 a 17h, será obrigatorio recoller o dorsal nese horario para poder participar no concurso. As actuacións ou postas en escena diante do xurado terán un máximo de duración de 3 minutos, sendo descalificados todos aqueles participantes que superen dita duración.

A hora prevista de saída do pasarrúas será ás 17:30h (punto de partida pavillón de deportes, o percorrido será circular) sempre que o tempo o permita, a continuación os participantes desfilarán ou actuarán dependendo de cada quen diante do xurado no interior do pavillón de deportes para proceder a súa valoración.

SEGUNDA.- PERSOAS BENEFICIARIAS.

1.- Poderán ser beneficiarios dos premios previstos nestas bases tódalas persoas, así como as agrupacións de persoas físicas constituídas para a consecución dos fins sinalados coma obxecto de premio, e que cumpran os seguintes requisitos:

Non estar incurso en ningún dos casos previstos no artigo 13.2 da lei xeral de subvencións.

Non ter co concello débedas ou sancións tributarias en período executivo, salvo que se trate de débedas ou sancións tributarias que se atopen apazadas, fraccionadas o cuxa execución estivese suspendida.

Non ter pendente de xustificar subvención concedida polo concello.

2.- Aquelas persoas menores de idade ou que non teñan plena capacidade de obrar que desexen participar deberán facelo sempre coa preceptiva autorización do titular da patria potestade ou tutela, segundo modelo anexo a estas bases.

3.- A inscrición poderá formalizarse nalgunha das categorías seguintes:

Individual Infantil: nesta categoría participarán nenos e nenas ata 16 anos.

Grupo Infantil: nesta categoría encadraranse os grupos de 2 a 5 compoñentes todos eles menores de 16 anos.

Comparsa infantil: Os grupos de nenos e nenas ata 16 anos integrados por 6 compoñentes ou máis.

Individual Adulto: nesta categoría participarán persoas de 16 anos ou máis.

Grupo Adulto: nesta categoría entrarán os grupos de 2 a 5 compoñentes de distintas idades, sendo necesario que como mínimo un dos compoñentes sexa maior de 16 anos.

Comparsa: Os grupos de persoas de distintas idades integrados por 6 persoas como mínimo.

4.- A inscrición no modelo oficial que se achega como ANEXO I e a maiores o correspondente á categoría na que participa (IA, IB, IC e ID), facilitado polo Concello de Oroso, constitúe un requisito imprescindible que deben cumprir os participantes que queiran optar a un premio.

5.- Nas Categorias Individuais non se premiará a persoas con disfraces que pertencen a unha agrupación que participe no concurso aínda que se presenten en diferentes categorías.

6.- A participación no concurso supón a aceptación das condicións establecidas nestas bases e a declaración responsable do seu cumprimento.

7.- A efectos da inscrición nas diferentes categorías establecidas no apartado terceiro anterior a data que se tomará como referencia para verificar o cumprimento do requisito de idade é a de finalización do prazo de inscrición para participar no concurso (27 de febreiro de 2025).

TERCEIRA. TEMAS.

1.- Os temas son libres. Sen embargo, non poderán ter contido sexista, homófobo, racista, ou calquera expresión violenta que poida afectar ou danar á integridade ou o benestar de outras persoas.

2.- Unha vez finalizada a actividade é necesario que os propietarios dos disfraces se fagan cargo dos residuos que ocasionen depositando os mesmos de maneira selectiva dentro dos contedores da vía pública pertinentes.

Cuarta.-RÉXIME DE CONCESIÓN DOS PREMIOS

1.- Os premios outorgaranse a instancia do solicitante con cargo ó orzamento da Corporación mediante procedemento de concorrencia competitiva. O seu outorgamento será motivado e os seus importes non poderán ser revisados ni ampliados.

2.- O importe dos premios a conceder non superará o presupostado no Orzamento Xeral da Corporación e no Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2023-2025 para o exercicio económico de 2025.

3.- Concederanse o seguintes premios (IMPORTE BRUTO):

CATEGORÍA XERAL

MODALIDADE COMPARSA (mínimo 6 compoñentes)

Gañador: 500 euros

Finalista: 300 euros

MODALIDADE DE GRUPO (de 2 a 5 compoñentes)

Gañador: 300 euros

Finalista: 220 euros

MODALIDADE INDIVIDUAL.

Gañador: 250 euros

Finalista: 180 euros

CATEGORÍA INFANTIL (ATA 16 ANOS)

MODALIDADE COMPARSA (mínimo 6 compoñentes)

Gañador: 300 euros

Finalista: 200 euros

MODALIDADE DE GRUPO (de 2 a 5 compoñentes)

Gañador: 220 euros

Finalista: 150 euros

MODALIDADE INDIVIDUAL

Gañador: 180 euros

Finalista: 120 euros

PREMIO ESPECIAL PARA UNHA COMPARSA DO CONCELLO: 150€**PREMIO ESPECIAL: 100€**

4.- De conformidade co artigo 75.3 do Real Decreto 439/2007 do 30 de Marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e modifícase o Regulamento de Plans e Fondos de Pensións, aprobado por Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, non existe a obrigaçión de practicar retención ou ingreso a conta sobre os mencionados premios, excepto os que superen a contía de 300,00 euros nos que se efectuará a retención do 19%.

5.- Os premios previstos para cada concurso regulado nestas bases imputarase contra a partida orzamentaria prevista no 338.481.00 do orzamento municipal para o exercicio de 2025 por importe de 3.170,00 euros.

6.- As candidaturas valoraranse segundo a orixinalidade, laboriosidade e deseño do disfraz así como a simpatía ou a posta en escea de cada participante, podendo declararse deserto calquera premio se a xuízo do propio xurado non se reúnen os méritos suficientes.

Quinta.-PUBLICIDADE E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.- Unha vez aprobadas as presentes bases e convocatoria por resolución da Alcaldía-Presidencia, serán obxecto de publicación íntegra no «Boletín Oficial» da provincia de A Coruña por conducto da Base Nacional de Subvencións.

2.- O prazo para a presentación de solicitudes rematará o día 27 de febreiro de 2025.

3.- Para aclaracións ou asesoramento en canto as solicitudes para o concurso poden poñerse en contacto co departamento de cultura no 981 690 903 para aclarar as dúbidas sempre dentro do prazo establecido.

Sexta.- DOCUMENTACIÓN

1.- A documentación que se deberá acompañar é a seguinte:

- Solicitude, segundo modelo que se acompaña no anexo I, firmada polos interesados, ou por quen teña conferida a representación no que se inclúe declaración responsable de encontrarse ó corrente das súas obrigas fiscais con este Concello, e a facenda pública e estatal, así coma a seguridade social e de que o(s) solicitante(s) non se atopa(n) en ningún dos casos de prohibición para obter subvencións establecidas no artigo 13 da lei xeral de subvencións.

2.- Na solicitude de participación deberá indicarse no apartado de documentación adicional:

1. Se presenta música en formato MP3.

2. Indicar se desfila con carroza e as súas dimensións.

Sétima.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.- As solicitudes e no seu caso documentación adicional deberanse entregar:

No Rexistro Municipal do concello, en horario de 9 a 13:30 horas os días laborables.

Na Sede Electrónica Municipal (<https://sede.oro.gal/>).

Por calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Oitava.-PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

1.- O procedemento a seguir será o de concorrencia competitiva, cas seguintes especialidades:

O órgano de instrución sinalado na lei será a Concellería delegada de Cultura.

O órgano colexiado encargado de avaliar aos concursantes atendendo aos criterios previstos, estará formada por un xurado imparcial cuxa composición é a seguinte:

Presidente: Concelleira delegada de Cultura

Auxiliar técnico de biblioteca e cultura do concello de Oroso

Un/unha representante dunha asociación do concello de Oroso

Secretario/a: Persoal do concello de Oroso ou Mancomunidade de Ordes. Os suplentes do resto dos membros do xurado serán designados polo Alcalde-Presidente en caso de que fose necesario.

O réxime xurídico e de funcionamento do xurado será o disposto nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Os membros do xurado deberán coidar de respectar as causas de abstención previstas no artigo 23.2 da lei 39/2015, comunicando por escrito á Alcaldía-Presidencia de xeito inmediato unha vez teñan coñecemento da existencia de calquera causa en que incorresen. Do mesmo xeito os membros do xurado poderán ser obxecto de recusación polos concursantes en calquera momento do procedemento por incorrer en causa de abstención. Na acta redactada de avaliación de candidaturas deberá recollese coma mínimo:

Baremación de todos os concursantes mediante o sistema previsto, por orde de maior a menor puntuación e por categoría.

Proposta dos premiados por categoría.

Unha vez recibida a proposta do xurado, o órgano instrutor procederá a:

Solicitar os correspondentes informes dos servizos municipais da:

Non concorrencia dos premiados nalgunha das circunstancias previstas na base terceira para obter subvencións e que foron obxecto de declaración responsable, mediante a petición dos certificados telemáticos á Axencia Tributaria e Seguridade Social e contabilidade municipal.

Requirir aos premiados para que no prazo de dez días hábiles aporten a seguinte documentación:

Acreditación da identidade e no seu caso representación legal dos premiados:

A persoas físicas mediante a aportación do DNI.

Os titores ou titulares da patria potestade dos premiados menores de idade ou incapacitados, mediante a aportación do libro de familia, sentenza xudicial ou título suficiente que acredite a representación.

No suposto de seres unha asociación ou entidade con personalidade xurídica, acreditación de poder ou nomeamento para actuar en nome e representación da entidade.

Aportación dun certificado de número de conta da entidade bancaria cuxo titular será o premiado ou o seu representante legal.

O órgano instrutor á vista do expediente e do informe do xurado, formulará a proposta definitiva de resolución de concesión dos premios en favor de aqueles premiados que acreditasen o cumprimento das bases e aportasen a documentación requirida, ou no seu defecto, aos concursantes coa seguinte maior puntuación segundo a baremación feita polo xurado que cumprisen co disposto nesta base.

A Alcaldía-Presidencia será o órgano competente para unha vez vista a proposta de resolución e a fiscalización da intervención municipal, resolver mediante acordo motivado.

A notificación dos actos de tramitación e resolución de concesión dos premios será publicada aos interesados no taboleiro de anuncios dixital do concello, medio exclusivo de notificación de conformidade co disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Novena.- PAGO DOS PREMIOS

O pago de premios en metálico concedidos farase efectivo mediante transferencia bancaria ao número de conta indicado polos premiados. No momento do pago practícarase as oportunas retencións segundo a normativa tributaria vixente.

No suposto de premios compartidos por unha pluralidade de persoas, o pago ratearase a partes iguais entre todos os premiados que cumprisen o disposto nestas bases e aportasen a documentación requirida, salvo que nomeen un representante previa autorización asinada por todos conforme o modelo de Anexo I.C) no que o pago se efectuará a dito representante.

Décima.- DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL E DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A participación nos concursos previstos nestas bases implica polos participantes a aceptación incondicionada das seguintes cláusulas:

A cesión en modalidade non exclusiva ao concello de Oroso de xeito gratuíto dos seguintes dereitos de explotación:

Reprodución

Distribución

Comunicación pública

Publicación.

A autorización ao concello para a publicación na páxina web, redes sociais e publicacións da súa titularidade do nome e apelidos dos concursantes e premiados, así coma fotografías e vídeos dos mesmos nos actos de entrega de premios ou na participación nas actividades culturais, deportivas, lúdicas etc. obxecto do concurso.

Undécima.-INSPECCIÓN E CONTROL

O concello poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto das actividades premiadas e terá acceso a toda a documentación xustificativa das mesmas, en particular a información de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non estar incurso en causa que impida a obtención de subvencións públicas, así como a requirir aos premiados nos termos que precise todo elo de conformidade co disposto no Título III da lei 38/2003.

Duodécima.-INFRACCIÓN E SANCIÓN

O réxime de infraccións e sancións será o establecido no Título IV da lei 38/2003.

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación do premio para actividades ou conceptos no estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias con cargo a créditos de outras Administracións Públicas, constituirán causa determinante para a revogación do premio concedido, coa seguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos nas correspondentes convocatorias, así como a aplicación da prestación a fins distintos dos previstos, dará lugar á cancelación do premio e a obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza no previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

Decimo terceira.-COMPROMISOS

As persoas que resulten beneficiarias dos premios se comprometen a:

- Comunicar ó Concello por escrito, cando proceda, a obtención de premios, subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público.

- Comunicar ó concello, por escrito, as modificacións da situación, condición ou circunstancias que motivaron a concesión.

- Autorizar ó Concello a obter por medios telemáticos os certificados correspondentes de atoparse ó corrente de obrigas tributarias, coa seguridade social e de non estar incurso en causa que impida a obtención de subvencións públicas.

-Obrigas adicionais:

A música para as actuacións é preciso presentala no momento da inscrición en formato MP3 a ser posible e por mail a: cultura@oroso.gal ou memoria USB (non se recollerá música fora do prazo de inscrición nin tampouco o propio día do concurso).

É obrigatorio participar no desfile polas rúas de Sigüeiro para formar parte do concurso de disfraces. Será a organización do concurso a que determine se suspende ou non o desfile por causas alleas, como poden ser as condicións meteorolóxicas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

No non previsto nestas bases será de aplicación a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Oroso aprobada definitivamente polo Pleno do Concello na na sesión plenaria ordinaria de data 29 de setembro de 2022 e obxecto de publicación no BOP número 246 de data 29 de decembro de 2022.

ANEXO I**INSCRIPCIÓN CONCURSO DE DISFRACES OROSO 2025**

SOLICITANTE

NOME E APELIDOS

ENDEREZO

LOCALIDADE

D.N.I. nº

TELEFONO/S

CATEGORÍA NA QUE SE INSCRIBE

CATEGORÍA INFANTIL

(ATA 16 ANOS)

CATEGORIA XERAL

MODALIDADE

COMPARSA

(MINIMO 6)

GRUPO

(DE 2 a 5)

INDIVIDUAL

NOME DO DISFRACE:

MÚSICA:

MEDIDAS CARROZA:

En Oroso adede 2025.

Sinatura do solicitante,

ANEXO I A- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN CONCURSO

(Modelo para persoas físicas maiores de idade e non incapacitadas en solitario)

DATOS DO CONCURSO

DENOMINACIÓN CONCURSO

NOME DO DISFRAZ

DATOS DO CONCURSANTE

DENOMINACIÓN:

N.I.F.

Domicilio Fiscal (Rúa)

Localidade- C.P.- Provincia

Correo electrónico

Teléfono

DECLARA QUE:

Cofece e acata incondicionalmente o contido das bases xerais do concurso aprobadas polo concello e publicadas no BOP de A Coruña de data....., de conformidade coa convocatoria feita por Resolución de Alcaldía de dataaceptando incondicionalmente as obrigas derivadas das mesmas.

O concursante está ao corrente do pago das súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica e do concello, así coma coa Seguridade Social e non se atopa en ningún dos casos de prohibición para obter subvencións establecidas no artigo 13 da lei xeral de subvencións.

No suposto de seres premiado, autorizo ao Concello de Oroso para recadar telematicamente os certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social dos organismos titulares da devandita información.

Acompaña a seguinte documentación adicional esixida polas bases no apartado 6 (especificar cal):

SOLICITA:

o Presentar a súa candidatura para recibir o premio convocado no concurso que figura no encabezado.

Asinado

ANEXO I B- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN CONCURSO

(Modelo para persoas físicas menores de idade ou sen plena capacidade de obrar en solitario)

(A) DATOS DO CONCURSO

DENOMINACIÓN CONCURSO

NOME DO DISFRAZ

(B) DATOS DO CONCURSANTE

Nome y apelidos:

N.I.F.

Domicilio Fiscal (Rúa)

Localidade- C.P. - Provincia

(C) DATOS DO TITOR OU TITULAR DA PATRIA POTESTADE

Nome y apelidos

NIF

Domicilio Fiscal (Rúa)

Localidade- C.P. - Provincia

Correo electrónico

Teléfono

Como representante legal do concursante que figura no encabezado,

DECLARA QUE:

Autorizo expresamente ao concursante (B) a participar no concurso (A) convocado, e coñezo o contido das bases xerais aprobadas polo concello e publicadas no BOP de A Coruña de data....., de conformidade coa convocatoria feita por Resolución de Alcaldía de dataaceptando incondicionalmente as obrigas derivadas das mesmas no seu nome e representación.

O concursante está ao corrente do pago das súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica e do concello, así coma coa Seguridade Social e non se atopa en ningún dos casos de prohibición para obter subvencións establecidas no artigo 13 da lei xeral de subvencións.

No suposto de seres premiado, autorizo ao Concello de Oroso para recadar telematicamente os certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social dos organismos titulares da devandita información.

Acompaña a seguinte documentación adicional esixida polas bases no apartado 6 (especificar cal):

SOLICITA:

o Presentar a súa candidatura no seu nome e representación para recibir o premio convocado no concurso que figura no encabezado (A).

Asinado

ANEXO I.C - SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN CONCURSO

(Modelo para persoas físicas en grupo)

DATOS DO CONCURSO

DENOMINACIÓN CONCURSO

NOME DO DISFRAZ

DATOS DOS CONCURSANTES

AVISO IMPORTANTE: Aqueles concursantes menores de idade ou sen plena capacidade de obrar deberán acompañar os datos e firma dos seus representantes legais.

CONCURSANTE - NOME E APELIDOS

CONCURSANTE - NIF

DOMICILIO

MENOR DE IDADE OU INCAPACITADO?

SINATURA

REPRESENTANTE - NOME E APELIDOS

REPRESENTANTE - NIF

SINATURA

DECLARAN QUE:

No caso de ser titores ou representantes legais dos concursantes, autorizamos aos nosos representados a participar no concurso segundo as bases xerais aprobadas polo concello e publicadas no BOP de A Coruña de data....., de conformidade coa convocatoria feita por Resolución de Alcaldía de data, aceptando incondicionalmente as obrigas derivadas das mesmas.

En caso de participar en nome propio, coñecemos e acatamos incondicionalmente o contido das bases xerais do concurso aprobadas polo concello e publicadas no BOP de A Coruña de data....., de conformidade coa convocatoria feita por Resolución de Alcaldía de dataaceptando incondicionalmente as obrigas derivadas das mesmas.

Os concursantes está ao corrente do pago das súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica e do concello, así coma coa Seguridade Social e non se atopan en ningún dos casos de prohibición para obter subvencións establecidas no artigo 13 da lei xeral de subvencións.

No suposto de seres premiado, autorizo ao Concello de Oroso para recadar telematicamente os certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social dos organismos titulares da devandita información.

Que no suposto de seren premiados, outorgan a súa representación e autorizan para o cobro do premio en nome de todos os asinantes, entendendo que o concello de Oroso facendo entrega do premio ao mesmo cumpre coa obriga de pago aos premiados prevista nas bases da convocatoria, a:

NOME E APELIDOS

NIF

DOMICILIO

TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

Acompaña a seguinte documentación adicional esixida polas bases no apartado 6 (especificar cal):

SOLICITA(N):

o Presentar a súa candidatura conxunta para recibir o premio convocado no concurso que figura no encabezado.

Asinado

ANEXO ID- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN CONCURSO

(Modelo para entidades con personalidade xurídica)

DATOS DO CONCURSO

DENOMINACIÓN CONCURSO

CATEGORÍA OU PREMIO AO QUE SE CONCURSA

DATOS DO CONCURSANTE

DENOMINACIÓN:

N.I.F.

NÚMERO INSCRIPCIÓN NO REXISTRO AUTONÓMICO DE ASOCIACIÓNS:

Domicilio Fiscal (Rúa)

Localidade- C.P. - Provincia

Representante - Nome y apellidos

Representante - NIF

Representante - Domicilio Fiscal (Rúa)

Representante - Localidade- C.P. - Provincia

Correo electrónico

Teléfono

Como representante da entidade que figura no encabezado,

DECLARA QUE:

Coñece e acata incondicionalmente o contido das bases xerais do concurso aprobadas polo concello e publicadas no BOP de A Coruña de data....., de conformidade coa convocatoria feita por Resolución de Alcaldía de dataaceptando incondicionalmente as obrigas derivadas das mesmas.

O concursante está ao corrente do pago das súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica e do concello, así coma coa Seguridade Social e non se atopa en ningún dos casos de prohibición para obter subvencións establecidas no artigo 13 da lei xeral de subvencións.

No suposto de seres premiado, autoriza ao Concello de Oroso para recadar telematicamente os certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social dos organismos titulares da devandita información.

Acompaña a seguinte documentación adicional esixida polas bases no apartado 6 (especificar cal)

OROSO

30/1/2025

Alexander Doval Expósito

2025/630